

Metido en ti
partirías destas caras que te observan
e atentaría contra os corpos do desfile.
Enganchado nas virtudes das olladas
esixiría-lo seu pago á concorrencia.

—Presta aquí

un minuto:
a tarde está caendo,
quizais non apostaches hoxe ti en algo o teu alento.






Irás dirás virás
co acento nas nádegas punzado.
Irás dirás que virás:
á sorte de soste-lo mundo nunha ollada
sumámo-lo marchado,
pero xira, ven, xira:
Escólleme o atraco a man armada.

Déixome regresar coma gata á túa boca e apouséntome nela,
non quereda caer de ti.

Coma hoxe
no meu corpo xúntanse as túas mans facendo historia,
as miñas inclinan nas túas costas os abrazos desde a infancia.

Agora nós,
corpo que añoraba cando morriamos,
de cada vez.





Na quimera das túas mans
veume un espanto da infancia:
son xuíz dos nosos actos.
Agora acaso
de min poderei cambialos.